



Concello de Monterrei

Bases do IV concurso de postais de Nadal:

Poderán participar todos os nenos e nenas do CEIP de Medeiros e do CRA Monterrei.

Tema: "O Nadal".

As postais realizaranse sobre cartulina tamaño A5.

A técnica empregada é libre (cor, branco e negro, collage, ceras...). Poden utilizarse só imaxes ou estas combinadas con texto.

A postal irá asinada polo alumno ou alumna. No reverso será imprescindible indicar o nome, apelidos e curso do participante.

O prazo de presentación das postais finalizará o día 10 de decembro.

Concederanse os seguintes premios:

Establécense tres finalistas, entre os cales o xurado elixirá ao gañador.

Os premios entregaranse en material escolar.

O xurado estará formado por:

Un representante do Concello de Monterrei.

Un/ha profesor/a do CEIP de Medeiros e un/ha profesor/a do CRA de Monterrei.

Un pai/nai nomeado/a pola ANPA.

O xurado pronunciarase sobre os premios o día 11 de decembro .

A postal gañadora quedará en propiedade do Concello de Monterrei que se reserva o dereito de utilizala como felicitación de Nadal. Ademais realizarase unha exposición con todas as postais.

A entrega de premios aos tres finalistas realizarase no Concello de Monterrei.

A participación neste concurso supón a aceptación das bases.

O alcalde

José Luis Suárez Martínez